

## **1. INTRODUCCIÓN**

O éxito da intervención sobre as alteracións da linguaxe e da comunicación depende en gran medida da súa iniciación temperá sendo, o segundo ciclo da Educación Infantil, probablemente o momento máis idóneo e o medio máis natural do que dispón o noso sistema educativo para iso.

Sabemos que esta etapa educativa é moi significativa no desenvolvemento do alumnado pois é cando se produce unha maior explosión lingüística o que permite levar a cabo tarefas de detección precoz e estimulación; pero tamén, é un dos momentos do neurodesenvolvemento no que a plasticidade cerebral é máis eficaz, o que posibilita desenvolver eficazmente tarefas de compensación, prevención e intervención sobre as dificultades.

A figura da mestra de Audición e Linguaxe céntrase prioritariamente nestas tarefas, segundo recolle a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, de atención á diversidade. A seguinte programación tratará de concretar estas funcións en accións concretas previstas para o presente curso 2023-24 na Escola Plurinfantil O Grupo.

## **2. OBXECTIVOS XERAIS**

Tal e como se contempla no noso sistema educativo, as funcións do especialista en Audición e Linguaxe, e as que se prevén levar a cabo este curso escolar, son:

- Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na organización da docencia.
- Colaborar na avaliación psicopedagóxica do alumnado.
- Prestar atención docente directa ao alumnado con necesidades educativas especiais e necesidade específica de apoio educativo nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala.
- Elaborar os programas de intervención para o alumnado, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado e segundo a orientación do xefe do departamento de orientación.

- Informar e orientar á comunidade educativa (profesorado, familias) sobre cuestións de interese para o desenvolvemento no ámbito comunicativo-lingüístico do alumnado.
- Asistir e participar en reunións de coordinación con outros servizos da comunidade.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares do alumnado.
- Colaborar na elaboración de recursos e material educativo adaptado ás necesidades do alumnado.
- Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
- Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende.
- Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna/o ao que prestase apoio.
- Outras funcións que a Administración educativa poida asignar referidas á inclusión, á orientación e á atención á diversidade.

### **3. CRITERIOS DE INTERVENCIÓN**

Terase en conta, como punto de partida para organizar as intervencións, a previsión do curso anterior e as novas demandas valoradas polo Departamento de orientación.

Os criterios de intervención terán en conta os seguintes principios:

- Priorizarase ao alumnado con maior grao de demanda de apoio sobre o de menor grao (maior autonomía).
- Teranse en conta criterios evolutivos, asumindo que a linguaxe non está completamente desenvolta ata chegar á etapa de educación primaria.
- Valorarase atender prioritariamente ao alumnado con dificultades de comprensión da linguaxe e comunicación social; tamén sobre a construción da linguaxe sobre alumnado con dificultades na articulación da fala.

### **4. OBXECTIVOS DA ATENCIÓN DOCENTE**

En relación á función de docencia directa ao alumnado con necesidades educativas especiais e necesidade específica de apoio educativo, podemos concretar a continuación que obxectivos se desenvolven globalmente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala.

*Ámbito comunicativo:*

- Facilitar a comunicación aproveitando todos os medios ao alcance de cada alumno/a (xestos deícticos, miradas, apoios visuais, sistemas aumentativos...)
- Ensinar o valor da comunicación como medio para regular a contorna e conduta propia e allea.
- Favorecer as interaccións comunicativas entre o alumnado.
- Potenciar a adquisición das normas que rexen os intercambios comunicativos.

*Ámbito da linguaxe:*

- Ampliar o repertorio léxico e velocidade de acceso ao mesmo.
- Favorecer a implementación paulatina de elementos que enriquezan as súas estruturas gramaticais.
- Establecer relacións semánticas entre diferentes conceptos para favorecer os procesos cognitivos e a expresión oral.
- Potenciar o compoñente pragmático da linguaxe, para poder desenvolver adecuadamente as habilidades e relacións sociais.

*Ámbito da fala:*

- Desenvolver os aspectos perceptivos implicados na articulación da fala.
- Favorecer os procesos funcionais das estruturas do sistema orofacial.
- Desenvolver o coñecemento fonolóxico que permita una base sólida para o desenvolvemento adecuado da linguaxe oral e escrita.

Os programas de intervención do alumnado, que teñen un carácter individualizado e obxectivos que parten das necesidades individuais, deben relacionarse coas seguintes competencias clave, que tal e como expresa o actual currículo da Educación Infantil, recollido no Decreto 150/2022, de 8 de

setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, *son os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais.*

Recóllense, a continuación, algúns dos modos nos que, desde esta etapa e desde o ámbito docente da mestra de Audición e Linguaxe, contribúese á adquisición das competencias clave:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL): pretendendo que o alumnado empregue axeitadamente a linguaxe como instrumento de comunicación oral.
- Competencia plurilingüe (CP): iniciando o contacto con linguas e culturas diferentes e poñendo en valor a diversidade cultural.
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM): a iniciación nas destrezas lóxico-matemáticas beneficianse dun desenvolvemento óptimo da linguaxe pois require da capacidade de facerse preguntas para entender e explicar algúns fenómenos da contorna natural.
- Competencia dixital (CD): empregando as tecnoloxías como ferramenta de acceso á información, contidos e elaboración de materiais.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA): facilitando ao alumnado ferramentas, pautas e estratexias que lles axuden nos procesos de aprendizaxe. Traballando como enfrontarnos a unha tarefa, identificar as dificultades, solicitar axuda, apoiándonos no traballo cooperativo na aula, nos casos onde a intervención se realicen de xeito grupal.
- Competencia cidadá (CC): verase reforzada o mellorar a capacidade comunicativo-lingüística ofrecendo fórmulas que favorezan as habilidades sociais, resolución pacífica e dialogada de conflitos fomentando valores de respecto, igualdade e convivencia entre outros.

- Competencia emprendedora (CE): estimularase a curiosidade, a imaxinación a través do xogo co obxectivo de potenciar a súa autonomía e sentirse axentes activos da súa aprendizaxe.
- Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC): fomentando a expresión creativa de ideas, sentimentos e emocións a través de distintas linguaxes.

## 5. CONTIDOS

Os contidos das intervencións de Audición e Linguaxe seleccionaranse en base a una serie de **prioridades**:

1. Contidos fundamentais e básicos nas destrezas comunicativas.
2. Contidos que resulten útiles e funcionais desenvolverse na contorna do alumnado.
3. Contidos axeitados ao nivel evolutivo.
4. Respecto ao desenvolvemento fonolóxico, resultan prioritarios os fonemas máis distorsionados ou ben os que comprometen en maior grado a intelixibilidade da fala. Terase en conta sempre a orde natural de adquisición dos fonemas.

Según os diferentes componentes da linguaxe podemos concretar os seguintes contidos:

- Compoñente fonético-fonolóxico:
  - Estimulación, percepción e discriminación auditivo/fonética.
  - Conciencia léxica, silábica e fonémica.
  - Ritmo e memoria auditiva-secuencial.
  - Articulación
- Compoñente léxico-semántico:
  - Repertorio léxico: nomes, accións, cualidades e nocións cuantitativas.
  - Razoamento verbal: categorías lexicais, familias semánticas, palabras antónimas, sinónimas, polisémicas e homónimas.
- Compoñente morfosintáctico:

- Elementos da oración: nomes, pronomes, adxectivos, artigos, verbos. Empregando apoios visuais e cores en función da categoría gramatical.
- Concordancia: xénero e número.
- Tipos de oración: enunciativa, interrogativa, exclamativa...
- Compoñente pragmático:
  - Linguaxe funcional: habilidades e normas conversacionais, diálogos, conversacións, expresión e comprensión das situacións cotiás, relacións de causa, narración...
  - Linguaxe creativa: descrición, narración e diálogo.
  - Linguaxe expresiva e comprensiva: secuencias temporais, adiviñas, refráns e expresións con dobre sentido, poesías, cancións...

## **6. METODOLOXÍA**

As intervencións co alumnado sustentaranse nos seguintes principios metodolóxicos:

- I. Ambiente cercano e de confianza, que fomente no alumnado a aprendizaxe e a necesidade de comunicarse, así como espertar neles a curiosidade por aprender, indagando nas súas motivacións e potencialidades.
- II. Comunicación total, a través do aproveitamento de todas as vías de recepción da información, potenciando todos os sentidos.
- III. Uso das TIC, que non sendo un fin en si mesmas, achégannos formas de traballar lúdicas e atractivas.
- IV. Técnicas como a aprendizaxe sen erro, a corrección indirecta, o modelado, o moldeado, o encadeamento cara atrás ou a ensinanza incidental.
- V. Aprendizaxe significativa, partindo do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.

## **7. TEMPORALIZACIÓN**

Os programas de intervención do alumnado, recollen uns obxectivos que se establecen en función das necesidades individuais; a temporalización, por tanto, será flexible e estará supeditada á evolución do alumnado.

A organización do horario docente terá en conta criterios pedagóxicos baseados nos momentos da xornada máis produtivos para cada alumno e alumna.

## **8. AVALIACIÓN**

O proceso de avaliación require dunha perspectiva multidisciplinar, xa que co fin de evitar intervencións incompletas ou illadas, sempre se terán en conta as achegas dos diferentes profesionais que se relacionan co alumnado. Para este propósito interesa a perspectiva do xefe do departamento que elabora os informes psicopedagóxicos; as titoras e especialistas, para coñecer a súa evolución na aula e nas interaccións sociais; a familia, para coñecer aspectos do seu desenvolvemento e, de ser o caso a persoa cuidadora para coñecer rutinas e grado de autonomía e profesionais externos.

- **Avaliación inicial:** parte da avaliación psicopedagóxica do alumnado ou dos informes elaborados. Antes de levar a cabo a planificación do programa de intervención individual deberase realizar unha avaliación inicial para determinar o punto de partida para a elaboración do programa individualizado. Utilizaranse métodos como: a observación directa, rexistros da titora e probas estandarizadas.

- **Avaliación formativa:** permite coñecer a evolución do alumnado, o grao de consecución dos obxectivos marcados e a eficacia dos procedementos de intervención utilizados. Permitirá adaptarnos de xeito máis flexible ás necesidades cambiantes do alumnado. Realizarase esta avaliación analizando as tarefas diarias e coordinándonos coas titoras e especialistas en contacto co alumnado.

- **Avaliación final:** permitirá rexistrar o grao de consecución do programa de intervención e servirá de guía para elaborar o informe final do alumnado, no que se especificarán os aspectos que se traballaron, se están acadados, así

como as orientacións para as titoras, as familias e a confección da memoria de Audición e Linguaxe.

### **PELO-Programa de Estimulación da Linguaxe Oral**

Tal e como se expresaba anteriormente, a intervención precoz sobre as dificultades no ámbito comunicativo-lingüístico é de vital importancia; o é tamén a prevención así como a detección temperá. Estas accións deben ser levadas a cabo en ámbitos ordinarios, no grupo clase e en situacións de aprendizaxe o máis naturais posible. Para a mestra de AL o PELO é un contexto que facilita estas funcións.

Xustificouse tamén anteriormente a importancia do traballo da linguaxe e comunicación na etapa da Educación Infantil ao que podemos engadir a inminente aprendizaxe da linguaxe escrita que, aínda que se desenvolva na seguinte etapa de educación primaria, é en Infantil cando deben quedar unhas bases de linguaxe oral asentadas solidamente para que máis tarde non afloren dificultades na escrita.

Tendo isto en conta, estableceuse os seguintes *obxectivos* nos Programas de Estimulación de Linguaxe Oral (PELO) que se desenvolverán no presente curso:

- Favorecer o desenvolvemento da adquisición da linguaxe oral.
- Previr a aparición e desenvolvemento de dificultades da linguaxe oral.
- Detección de dificultades neste ámbito.
- Preparar para a aprendizaxe da linguaxe escrita.

Os *contidos* que se abordarán serán os seguintes:

- Habilidades metalingüísticas.
  - Vocabulario en estruturas morfosintácticas correctas.
  - Memoria auditiva.
  - Ritmo e movemento.

*Temporalización e secuenciación das actividades:*

Para cada grupo (4º, 5º e 6º) desenvolverase unha sesión semanal despois do recreo (11:30-12:30). Cunha duración setembro-xuño, estímase unhas 30 sesións con cada nivel para este curso.

En canto á organización das sesións, en termos xerais, prevese estruturalas da seguinte maneira:

1. Actividade de benvida: motivación, atención, vocabulario e estruturas morfosintácticas.
2. Actividade memoria auditiva.
3. Actividades metalingüísticas: conciencia léxica, silábica, fonémica e principio alfabético (segundo o nivel educativo).
4. Actividade despedida: resumo, xeneralización, imitación, psicomotricidade e ritmo.